

## ***Ser diferente é ser existente*<sup>1</sup>. A literatura electrónica en Galicia**

Saúl Rivas González

[Recibido, xullo 2011; aceptado, outubro 2011]

**RESUMO** A literatura busca novas formas e novos medios de difusión aproveitando as posibilidades que ofrece a chamada era dixital. A rede presenta unhas condicións propias que posibilitan novas formas estéticas e tamén novos modelos de produción, difusión e recepción. Isto, ademais de modificar a industria do libro, pode alterar a forma na que os autores abordan a creación literaria. Nesta pequena contribución, pretendo dar unha visión sobre o estado da creación literaria en rede dentro do contexto galego, revisando algúns exemplos paradigmáticos. Así pois, este texto pretende ser unha primeira radiografía do estado da creación dixital galega en rede, unha análise en primeira instancia da situación, a problemática e as posibilidades de futuro. Presto especial atención ao fenómeno blog, por ser este o soporte máis accesíbel para o público e o creador non acostumado a manexar recursos dixitais máis complexos.

**PALABRAS CHAVE:** blog galego, internet, literatura.

**ABSTRACT** Literature looks for new ways to reach out readers taking advantage of the so called digital era. The special conditions of the Internet create new aesthetics and also new ways of production, circulation and reception. This, apart of modifying the publishing industry, can modify how authors approach the creation of their literature. With this small contribution I want to provide a view on the way literature is created in the Internet in a Galician context, reviewing some paradigmatic examples. Thus, this text wants to be a first X-ray of the status of the digital literature creation process in the Galician portion of the Internet, a first analysis of the situation, difficulties and future possibilities. I'll focus mainly on the blog phenomena, since is the support most widely accessible to the public and the creator not familiar with more complex digital resources.

**KEYWORDS:** Galician blog, internet, literature.

---

<sup>1</sup> Tomado de Vicente Risco, *Nós, os inadaptados*, 1932.

Creo que el ambiente cultural contemporáneo, con su flexibilidad, con su demanda de inclusión, con su nueva sensibilidad, favorece muchísimo los ejercicios creativos de participación y de solidaridad. (...) las tecnologías digitales y su producto más notable: el hipertexto electrónico, irrumpen en este ambiente favorable y hacen realidad viejas reivindicaciones, viejos sueños (por lo demás visualizados desde la literatura misma), promoviendo el surgimiento de nuevas expresiones y de nuevas experiencias estéticas y cognitivas. Las tecnologías digitales (llamadas por otros tecnologías de la recombinación), hacen viable ese ejercicio creativo solidario, ese viejo reclamo: destruir la distancia entre escritor y lector, entre creador y espectador, algo que difícilmente logra el libro.

Jaime Alejandro Rodríguez Ruíz

O campo da literatura electrónica atópase nun estado de constante transformación que evidencia cada vez máis a necesidade de preservación e análise de textos. A literatura no noso contexto actual peninsular está a emigrar dende o soporte impreso cara aos medios electrónicos, provocando a aparición de institucións que, como a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes <[www.cervantesvirtual.com](http://www.cervantesvirtual.com)> ou a Biblioteca Virtual Galega <<http://bvg.udc.es>>, promoven continuos proxectos de dixitalización de textos impresos na rede.

228

A literatura electrónica, que converxe terminoloxicamente con conceptos como literatura xerativa, combinatoria, dixital ou ciberliteratura, supón un cambio non só na estrutura das obras e o modo de producilas, senón tamén na maneira de consumilas e gozalas, asociándose mesmo a espazos de difusión que non lle son propios, como as galerías, auditorios, salas alternativas, museos e mesmo bares e lugares de ocio. A ciberliteratura, entendida como conxunto de textos construídos grazas ao emprego das computadoras, con procedementos de combinatoria multimedia e/ou interactivos favorece a experimentación e o xogo, a integración non sempre harmónica de palabra, imaxe e son, na liña dunha confluencia entre as distintas artes cara a unha forma de obra de arte total. É indubidábel que a literatura electrónica, como o *netart* e os demais produtos culturais da era dixital, implican un novo campo de traballo para a literatura comparada como disciplina. Ao respecto, o chamado “novo paradigma”, definido, entre outros, por Douwe Fokkema, e desenvolto sobre todo nos Estados Unidos, ten imposto modelos amplos de comparatismo nos que a cultura popular nas súas diferentes variantes (banda deseñada, debuxos animados, televisión, cine, videoxogos) ocupan un lugar destacado. Dentro das denominadas “novas humanidade”, o achegamento á literatura dixital, que instaura unha dimensión intermedial, multidisciplinar e, polo tanto, necesariamente comparatista, resulta de especial interese. O

éxito relativo destes novos modos de “comparación” non está exento do contaxio cos *estudos culturais*, que levou a que non existan unhas fronteiras nidas entre disciplinas antes separadas. Non obstante, o comparatismo do século XXI debe saudar a aparición de novos obxectos de estudo –hipertextos e hipermedia, os textos interartísticos, a televisión– e quizais tamén un renovado sistema de coñecemento.

A aparición da literatura electrónica sitúanos nunha era de “incunabilidade” na que resulta aínda difícil discriminar que avances perdurarán e cales outros desaparecerán no tempo. A pantalla do ordenador condiciona novos contratos de lectura baseados na fluidez, na conectividade xeneralizada, na interactividade, na fragmentación... Os textos electrónicos emerxentes, que se instalan así mesmo no ámbito da sedución visual, traerán consigo cambios no terreo da edición, cambios que xa son perceptíbeis e que convén estudar, pois afectan ás competencias lingüísticas, enciclopédicas, retórico-pragmáticas do individuo-usuario. Internet favorece a chamada “publicación libre”, mais esa proliferación hipertextual non está exenta de riscos, derivados do carácter efémero e en constante transformación do medio, mais tamén da súa concepción como sistema de consulta –e non tanto de lectura en profundidade. Por outra banda, non é un segredo para ninguén que as novas formas de escritura levan consigo que xurdan imaxinarios renovados –entre a utopía e a distopía– e o recoñecemento de identidades inéditas que nacen das prácticas cognitivas e culturais.

A ruptura cos modelos de linealidade, unicidade, autoridade e temporalidade/espacialidade literarias tradicionais provocou a incorporación dun novo vocabulario teórico e de novas achegas típicas que configuran a existencia dunha nova literariedade, ou nun sentido máis amplo, dunha nova “literacidade”.

A insistencia en conceptos como *rede* ou *mapa* entronca cos primeiros experimentos literarios arredor da definición de *ciberespazo*, presentes no subxénero *ciberpunk* da ciencia ficción dos oitenta, e desenvolvidos na teoría crítica e filosófica co rizoma deleuziano, o simulacro de Baudrillard, a ontoloxía ciberespacial de Michael Heim, ou o xiro espacial de Fredric Jameson, que rexeita a lectura do temporal como eixo estruturador do literario cunha dedicación crecente ás “xeografías literarias” herdeiras das liñas de Franco Moretti ou Dennis Hollier. De igual xeito, a temporalidade foi transformada dende a súa posición en primeiro plano na época modernista até unha serie

de modelos alternativos de tempo caracterizados pola relatividade, a fragmentación e as múltiples liñas confluentes ou contrastantes entre si.

Un dos conceptos operativos que se antolla de maior interese, por exemplo, é o de performatividade. O xiro performativo implica, no caso das obras electrónicas, unha praxe especial que inclúa a obra non pechada, *work in progress*, a incorporación activa do lector na construción non só do significado, senón da “obra en si” –se é posíbel empregar tal termo para este tipo de producións– e a construción múltiple de novas identidades.

O proceso de catalogación e arquivo da literatura electrónica no Estado español require dun esforzo urxente, xurdindo, igualmente, unha necesidade de resolución dos posíbeis mecanismos canonizadores do obxecto de estudo. É absolutamente imprescindible, así mesmo, contribuír á preservación dos documentos literarios electrónicos, fráxiles e efémeros, a través da creación dun arquivo da literatura electrónica en España onde se realice inventario e se estuden as manifestacións máis salientábeis destas formas literarias emerxentes.

230

O primeiro paso que emprendemos implica un achegamento á literatura electrónica en Galicia, centrándonos, fundamentalmente, nos blogs, que son o xénero máis fomentado no noso territorio.

## **O microuniverso das bitácoras existentes en galego**

Manuel Gago fala da existencia de 5.500 blogs en galego na actualidade. Adoita considerarse o extinto blog de María Yáñez <<http://todonada.blogspot.com>> como o primeiro canto do fenómeno dos blogs en galego, que en 2005 eran aproximadamente uns 600. A súa frase de benvida ao blog en 2003 era “outra vaca no blogomillo” e obtivo tanta repercusión que instaurou no idioma unha forma para referirse a unha comunidade de blogs artellada ao redor de blogs en lingua galega. A día de hoxe, o termo “blogomillo” é a denominación máis empregada polos usuarios para se referir á comunidade formada polos diferentes blogs enlazados nos diferentes servizos de aloxamento deste tipo de páxinas web.

Ferramentas como Blogger ou Blogaliza, no caso dos blogs, son algunhas das aplicacións máis empregadas. Blogaliza conta cunha comunidade cons-

truída a partir do portal do propio servizo de blogging <<http://blogaliza.org/usuarios>>.

No caso galego, contamos con varios blogs colectivos, de asociacións ou simplemente de xente con intereses comúns. Un deses proxectos é *Contasonos* <<http://contasonhos.blogspot.com>>, no que varios blogueiros escribían anotacións sobre os seus soños. Outro exemplo é *Elos* <<http://copieicheisto.blogspot.com>>, que baseaba o seu funcionamento no xogo das palabras encadeadas.

Outro proxecto dentro do contexto de blogs galego é *Historias eléctricas* <<http://historiaselectricas.blogspot.com>>. Trátase dun blog de participación aberta que tiña como obxectivo que as historias estivesen adaptadas ao medio dixital. Pretendía a creación de historias multimedia ou hipertextuais, aínda que o proxecto ficou algo apagado dende hai un tempo. Isto é unha constante no mundo da creación en rede; as diferentes propostas, anónimas na maioría dos casos, ocultas detrás de alcumes ou *nicks*, resultan moitas veces paralizadas pola falta de tempo ou recursos dos impulsores da idea. É un traballo de esforzo individual que moitas veces fica en baleiro por mor da escasa visibilidade ou por novos proxectos máis modernos ou ambiciosos.

Probabelmente, o proxecto hipertextual máis completo é a *Historia interminábel* do portal *Ciberlingua.org*. Trátase dunha historia escrita polos internautas que mandan pequenos fragmentos de texto que van encadeándose cos anteriores. É hipertextual porque despois de ler cada fragmento, un ten a oportunidade de elixir un itinerario dependendo da acción que queira que aconteza. Así, existen dúas posibilidades ao pasar de páxina no canto dunha soa. Cada fragmento de texto aparece encabezado polo nome –habitualmente un *nick* ou pseudónimo– e o enderezo electrónico do responsábel das liñas de texto. É un proxecto que non remata xamais, aberto á participación. No momento en que chegas a unha páxina sen continuación, podes escribir a seguinte.

Un caso paradigmático atopámolo no libro colectivo *Proxecto identidade* (2008). Editado en formato dixital e físico –a través do servizo *on-line* Blurb.com–, reúne as historias, poemas, fotografías, debuxos e pinturas de varios blogueiros. A idea partiu de Inés Liste, responsábel do blog *Beliscos pequenos* <<http://beliscospequenos.blogspot.com>>, quen contactou cos blogueiros que

se atopaban dentro da súa rede –as redes de blogs ou *blogroll* son a base do funcionamento dos mesmos, xa que tecen relacións de reciprocidade entre os escritores/lectores de blogs– para crear un libro que tivese como punto de cohesión o tema da identidade.

O blog *Proxecto-Q* <<http://proxectoq.blogspot.com>> está dedicado principalmente á creación literaria. O seu autor publica relatos e poemas acompañados de imaxes en cuxos deseños están inspiradas. Á parte deste labor de blogueiro, comezou en 2009 unha interesante iniciativa que consiste en invitar a outros blogueiros e escritores a participar nun concurso virtual de micronarrativa en lingua galega. O concurso, que non ofrece a cambio máis que pequenos obsequios aos participantes, pretende xuntar o esforzo colectivo dos lectores e visitantes do blog a unha iniciativa de creación a través da rede. O organizador envíalles unha fotografía aos participantes que teñen que crear un microrrelato a partir dela. Todos os traballos son posteriormente publicados noutro blog <<http://microqontos.blogspot.com>>.

232

Estamos pois, diante dunha iniciativa que persegue a participación dos visitantes do blog, que pasan de ser meros espectadores/lectores dos contidos, a formar parte dos mesmos. O máis salientábel deste proxecto é a mestura entre imaxe e texto nun formato accesíbel e que se adapta ás particularidades da lectura nunha pantalla: brevidade, imaxe e hipertexto –posto que cada microrrelato remata cunha descrición do autor/a que enlaza con seu respectivo blog, pechando así esa arañeira que é a rede de blogs escritos en galego.

Francisco Castro entende o blog como un campo de probas para a súa narrativa e tamén como unha maneira de estar en contacto cos lectores e difundir os seus proxectos e actividades:

Creeina [a súa bitácora] como unha válvula de escape comunicativa. Pasara moitos anos escribindo artigos en prensa e cando iso rematou, precisaba seguir contando cousas (...) utilizo o meu blog non só para dar conta de actos literarios nos que participo senón, sobre todo, para participar nas redes sociais como Facebook ou Twitter. O blog é un mecanismo comunicativo e para o debate. Gústame propoñer temas a través do blog, para que funcione como un espazo de intercambio.

O escritor e editor vigués actualmente ten aloxado o seu blog en Blogaliza <<http://franciscocastro.blogaliza.org>> e ademais da súa actividade anterior,

puxo en marcha unha iniciativa chamada *Da miña boca á túa orella* na que lle ofrece ao lector escoitar *podcasts* nos que recita poemas ou le contos da súa autoría.

Un exemplo paradigmático pola aglomeración de recursos, e atípico ao mesmo tempo pola falta de casos similares, podería ser o recentemente estreado “domicilio virtual” de Fran Alonso. Nesta páxina, o escritor e editor recolle todo o seu traballo espaxado pola rede: colaboracións en diarios dixitais, críticas, fichas de obras, vídeos, audios, textos, unha ligazón para o seu perfil de Facebook, o seguimento vía Twitter das súas aparicións públicas –coloquios, obradoiros, presentacións... O autor bota man dos recursos multimedia para presentar nunha serie de vídeos as súas motivacións e inquietudes ao respecto da súa escrita e sobre os seus libros. En palabras do propio Alonso:

é un gran portal web pero é humilde, xa que está deseñado por min, usando as redes sociais para priorizar contidos, facilitarlle á xente ter información sobre os meus libros e favorecer tamén a comunicación cos meus lectores.

Casos máis modestos en canto á acumulación de información serían por exemplo o blog de Marcos S. Calveiro que leva conta das novas e críticas da súa novela *Festina Lente* (2008). Neste blog, o escritor arousán publica as recensións, críticas relacionadas coa súa novela... É, polo tanto, un medio de comunicación virtual para promocionar a súa obra física, pero tamén un punto de encontro, posto que os lectores poden engadir os comentarios que estimen oportunos. Calveiro mantén outro blog no que relata asuntos variados e anuncia as súas publicacións e colaboracións.

Santiago Jaureguizar afirma que emprega o seu blog –cabaretvoltaire.canalblog.com– para

dar o meu punto de vista sobre o sistema literario galego, opinar sobre os libros que saen ou o que escriben outros autores. Falo de cousas que pasan en todo o mundo, aquilo que me interesa en xornais de fóra do país pero non só sobre literatura senón tamén arquitectura, música ou arte contemporánea.

Unha páxina que podería destacar en canto ao seu aproveitamento é a da poeta Yolanda Castaño <[www.yolandacastano.com/home.htm](http://www.yolandacastano.com/home.htm)>. O seu anaco do ciberespazo non é un blog, senón que está máis próximo ao modelo de

web corporativa dunha grande empresa ou dunha celebridade. Elaborada en *Flash*, mestura música, a súa propia voz, imaxes e debuxos da autora compostelá. Podemos acceder ao listado da súa obra e ver algunhas fotografías. Funciona como un espazo de promoción e como unha imaxe de marca.

A experiencia de cambio de dixital a analóxico non é estraña na literatura galega e un dos casos máis coñecidos é o de *New York, New York* (2007) de Inma López Silva. O libro parte dunha bitácora que a escritora compostelá mantiña na rede baixo o *nick* de ILSa para relatarlles aos seus amigos as vivencias que tivo durante a súa estadía na cidade americana. No prólogo do libro, López Silva di que o blog estaba pensado “para relatarlles aos amigos en Galicia as andanzas pola cidade de Nova York (...) deste xeito, evitaba botar tediosas horas repetindo mil veces a mesma historia en innúmeros e-mails”. O texto do blog pasou a converterse nun libro logo do traballo de corrección e adaptación. A propia autora reconece abertamente que a finalidade do blog non era a súa publicación, polo que vemos que, ás veces, o mundo editorial vai un paso por diante do que pensamos.

## Catro exemplos de bitácoras que saltaron ao analóxico

Anxos Sumai é unha das pioneiras na publicación en rede. Antes de *Anxos de garda* (2003), xa tivera unha experiencia de escrita no ciberespazo xunto ao fotógrafo Roberto Ribao, que deu orixe ao libro electrónico *¿Anxos ou días?* (2002) <[www.culturagalega.org/docs/anxosedianos.pdf](http://www.culturagalega.org/docs/anxosedianos.pdf)>. A mecánica deste libro está baseada na proposta dun tema sobre o cal Anxos e Roberto fan un pequeno texto, a modo de confrontación ou debate. Posteriormente publicou en Galaxia *Melodía de días usados* (2005), que tamén tivo a súa xénese nun espazo virtual que tiña no soportal do Consello da Cultura.

A pesar do interese que poida ter o libro en colaboración con Ribao, xa que toca o traballo colectivo a través da rede, neste caso ocupareime de *Anxos de garda*, por ter unha versión en papel e por deixar entrever nas súas páxinas moitos dos mecanismos que funcionan na creación na rede e que xa fun describindo anteriormente.

*Anxos de garda* ten certa similitude formal co que pode ser un diario e isto lévanos a pensar rapidamente nun blog, mais un blog non é exactamente



un diario e o libro de Sumai non é exactamente a translación ao papel dun blog. Iago Martínez fala dun “falso blog (...) porque era actualizado cada fin de semana e carecía de ligazóns, pero tanto a voz como a forma facían pensar nunha auténtica *novela en directo*” (Martínez, 2006b: 58). O libro xorde da colaboración que Anxos Sumai mantiña no portal Culturagalega.org na sección de *Fin de semana*. Alí, a autora nacida en Catoira, penduraba pequenos textos marcados cunha data, seguindo a orde cronolóxica do calendario. Cada fin de semana podías ler o relato correspondente a cada día da semana. Non era exactamente un blog, xa que as actualizacións eran semanais (cos contidos diarios) e non había posibilidade de deixar comentarios, iso si, existía a posibilidade de contactar coa autora por correo electrónico, algo que como veremos máis abaixo ten importancia na xestación do libro.

Moitas veces tendemos a ver a escrita dun blog ou dun “falso blog”, coma neste caso, como a narración de vivencias persoais a xeito de diario, como unha sorte de autobiografismo e exhibicionismo interior que busca unha lectura *vouyerista* e esquecemos que estamos diante dunha voz narrativa ficcionalizada e que aínda que teña unha base real, non é o simple feito de alguén contar as súas vivencias. Neste caso coido que podemos falar dunhas experiencias con base máis ou menos real ficcionalizadas nas que somos capaces de achar e recoñecer persoas –amizades e familiares da propia autora–, así como lugares e feitos que puideron ser máis ou menos certos, pero sempre baixo o filtro dun narrador que literaturiza todo e que o converte nunha historia de ficción. Vemos tamén feitos reais e a implicación da autora nelas. Estou a falar, por exemplo, do caso do *Prestige*, que afunde durante o período comprendido no libro e a autora dá conta dos acontecementos, reaccións, o sentir xeral e o clima que daquel funesto feito se desprenderon. Tamén os últimos capítulos están centrados no clima xerado tras a invasión de Iraq. Helena González (2008: 8) di que no libro “non só hai unha apertura aos espazos privados do eu (...) tamén ten lugar a escrita do compromiso político”.

Falaba antes da importancia dos lectores na xestación da obra e podemos deducir de pasaxes coma esta que a comunicación co lector foi moi frutífera para Anxos Sumai (2003: 152): “eu aproveito para agradecerlles ós lectores de *Anxos de garda* que me envasen tantos nomes de cans. Xuntei arredor de catrocentos. Podo bautizar cans o resto da miña vida”. No libro aparecen constantes alusións aos correos enviados polos lectores así como ao propio feito de escribir as páxinas para penduralas na rede.

Outras características que atopamos no libro que o achegan ao que podería ser un blog están máis no contido e no xeito de narrar que na forma. As constantes alusións á música que a voz narrativa está a escoitar garda moita relación con formatos blogueiros, sobre todo xuvenís, como poden ser os *fotologs*, nos que unha foto adoita ser acompañada dun pequeno texto de carácter persoal e nos que é común inserir unha pequena nota sobre a “banda sonora” que acompaña á entrada: “Gústame atoparme cos amigos tempo despois de telos perdido, e falar como se a última vez que falasemos fose onte pola noite. Banda sonora: *Cinema Paradiso*” (Sumai, 2003: 40).

Tamén o feito de estar composto por capítulos breves, que non adoitan abranguer máis do que ocuparía unha pantalla de ordenador, que é unha das premisas básicas da escrita en internet, xa que o lector non está afeito a ler grandes textos e un exceso de contido, pode facer que a lectura remate antes de tempo.

É moi posíbel que todos estes factores axudasen ao éxito que o libro tivo, sobre todo entre a comunidade lectora máis nova, posto que se presenta nun formato moi atractivo para a lectura; áxil e directo. O libro xunta soamente parte do traballo, xa que a colaboración con Culturagalega.org durou máis de dous anos e soamente se recollen os meses de setembro de 2002 até abril de 2003. A totalidade dos escritos de Anxos Sumai para esta colaboración pode ser consultada na web [culturagalega.org/anxosdegarda.php](http://culturagalega.org/anxosdegarda.php).

Leonardo Fernández Campos, máis coñecido como O Leo, é filólogo, actor, músico e poeta. As súas diferentes facetas sempre estiveron moi relacionadas até o punto de que os seus recitais adoitan converterse en *performances* e concertos. Dende o ano 2005 mantén na rede o blog *Hai Cu* <<http://haicu.blogspot.com>>. Nel, toma como base a forma dos haikus xaponeses para compoñer pezas nas que o humor e a retransa teñen moito peso. Cando falo da forma dos haikus, Leo simplemente colle a base de tres versos, porque non respecta a tradicional organización de cinco, sete e cinco sílabas dos poemas tradicionais xaponeses. A ausencia de rima tamén a temos, mais hai poemas con rima porque esta é a base do humorismo da composición.

No ano 2007, Edicións Xerais leva ao prelo o blog do Leo, asinado na rede baixo o *nick* eue. O libro compila os *hai cus* publicados no blog, mais pasan polo filtro dunha organización temática. O libro está dividido en dez

apartados segundo o tema das composicións, mentres que o blog era máis anárquico, sendo publicadas segundo ían sendo compostas. O Leo mostra unha actitude claramente *punk* e *underground*, tanto na temática coma no xeito de subverter até o propio nome das composicións xaponesas, facendo do escatolóxico unha das marcas de identidade do libro. O propio título, *hai cu: pintadas no báter*, lévanos a ese mundo *underground*, da noite e os antros, mais nas composicións atopamos en gran medida a retranca popular galega e os xogos de palabras. Pódense entender como mensaxes deixadas ao azar, como ocorre coas pintadas que adoitan decorar os baños dos lugares públicos. Este é un libro que recolle a esencia do escritor marxinal, a retranca galega e a sabedoría popular. As composicións tratan temas políticos, filolóxicos, amorosos, do diario...

O propio autor levou a cabo unha serie de *performances* durante as presentacións do libro que consistían nun recital sentado sobre un retrete no cal ía lendo as composicións –escritas en papel hixiénico– e deitándoas logo polo urinario.

O paso de blog a libro consegue un feito curioso, xa que a subversión xenérica é mantida, mais a liberdade de comentar fica destruída. O lector do libro non pode dar a súa opinión ou modificar o contido das composicións, posto que o papel fixa a subversión, mentres que a rede fai que siga estando libre e en expansión. De feito, o blog segue activo e novas composicións foron aparecendo dende a publicación do libro.

Eduardo Estévez é un dos creadores galegos con máis presenza na rede. É ademais un dos pioneiros no uso das novas tecnoloxías, pois estivo vinculado ao proxecto editorial Retagarda Edicións no ano 2000, que non saíu adiante pola irrupción do Cd e o desprazamento progresivo do disquete até a súa extinción.

Se a dispersión e a falta de cohesión é un dos grandes problemas da rede, Estévez tamén representa un pouco ese caos que pode chegar a ser internet. Participa en tantas iniciativas e mantén tantas páxinas e blogs que é moi difícil seguirlle a pista a todo o seu traballo. Unha das iniciativas máis curiosas, e fortemente ligada ao mundo da rede, é a colaboración que mantén co soportal Culturagalega.org. O traballo leva por título *Esca e Pedra*, e consiste, segundo as súas propias palabras, en acceder á Galipedia <<http://gl.wikipedia>.

org/wiki/Portada> e premer no botón de páxina aleatoria. A partir da palabra que saía, escribe un poema. Os poemas están acompañados de música, licenciada en Creative Commons. A colaboración durou trinta semanas. Pode accederse no enderezo <<http://culturagalega.org/opinion/escapiedra>>.

Como dicía antes, Estévez mantén numerosas páxinas: o seu perfil de Facebook; o seu blog persoal <<http://eduardoestevez.blogaliza.org>>, no que dá conta da súa actividade; o blog *En construcción* <<http://enconstrucion.blogspot.com>>; unha páxina de reflexións e respostas a preguntas enviadas para o proxecto <<http://mirarparaestelado.blogspot.com>>; unha páxina de haikus creada nun dominio específico para tal tarefa <<http://luagris.jaiku.com>>; e, por último, unha páxina, *Lúa gris*, que vén ser a suma de todo o anterior ou o punto de unión <[www.empresas.mundo-r.com/342404W0001/luagris/luagris/ppal.htm](http://www.empresas.mundo-r.com/342404W0001/luagris/luagris/ppal.htm)>.

Dende o seu blog persoal en Blogaliza, pódese acceder a unha bibliografía súa que permite o acceso a seleccións de textos ou mesmo aos textos completos da súa obra poética, tanto en internet como en papel <<http://eduardoestevez.blogaliza.org/poesia>>.

238

O blog *En construcción* comezou sendo a base promocional do que acabaría sendo o seu libro *Construccions* (2008), un fito moi importante na creación na rede por dous motivos. O primeiro porque a xestación do seu contido foi pública, xa que o autor ía pendurando na rede as composicións con diferentes variacións e o lector podía opinar e ver o proceso creativo. Moitas veces eran pequenos matices coma o emprego dunha palabra no canto doutra, mais o proceso ás veces virábase máis complexo. Segundo o propio Estévez, “a idea é que (os que pasen polo blog) mesmo poidan facer suxestións sobre os textos e propoñer correccións que, evidentemente, eu podo decidir ter en conta ou non”. Hoxe é posíbel comprobar a evolución dos poemas que compoñen o libro *Construccions*, editado por Positivas, en <[www.empresas.mundo-r.com/342404W0001/luagris/eduardo/publicac/estruc.htm](http://www.empresas.mundo-r.com/342404W0001/luagris/eduardo/publicac/estruc.htm)>.

O segundo motivo é que a existencia deste blog ocasionou que lle fose retirado o Premio González Garcés de Poesía ao admitir o tribunal unha queixa de Xavier Lama, segundo clasificado, sobre o incumprimento das bases, ao entender que o libro non era inédito. Isto fai pensar que a difusión de textos por internet é diferente á oral, xa que participar en recitais con esas

mesmas composicións non se considera publicación. En calquera caso dubido que poidamos falar dun libro editado cando nin é un libro (nin tan sequera electrónico), senón unha serie de poemas expostos na rede para mostrar o proceso creativo. En calquera caso, o debate fica aberto.

Estíbaliz Espinosa é escritora, cantante e actriz. Ten varios traballos publicados en papel e moita actividade no eido virtual. Mantén na rede o blog *...mmmm...* <<http://estibalizes.wordpress.com>> no cal experimenta coa ficcionalización do eu enunciativo e constrúe un espazo no cal é posíbel ver o proceso creativo, xa que as súas anotacións adoitan mesturar a creación coa comunicación ao lector. Constrúen un interesante xogo no cal se xuntan o espazo virtual co real creando unha criatura híbrida (ela mesma fala de xeito recorrente da criatura mecánica).

Estíbaliz xoga coa hibridación que permite a rede, mestura o audiovisual co texto e os múltiples eu que permite o medio. O blog permite unha escritura menos fechada, xa que está aberta constantemente á reformulación, á modificación. A experimentación é posíbel grazas ás ferramentas multimedia que son ofrecidas e que Estíbaliz Espinosa manexa de xeito constante. É tamén moi dada á *performance* dixital nos seus recitais.

239

O blog non é estritamente literario, o cal fai que o eu se multiplique dalgún xeito, xa que a enunciación é cambiante. En palabras de Helena González:

no seu blog de creación, experiencia e pensamento conviven en dúas liñas de escrita: a experiencia (a xeito de diario) e a creación, de modo que a primeira persoa multiplícase en diversos avatares que anulan o status do real. A súa é unha poética de intención experimental que parte da multiplicación ficcionalizada do eu.

A súa presentación no blog vén resumir un pouco as súas liñas de actuación:

Está vostede no blog duns puntos suspensivos / Cópíeme. E logo pégueme.  
Pero con tacto / Non siga lendo. Isto é unha montaxe / Hai unha homo sapiens  
detrás de todo isto / Hai unha criatura mecánica detrás de todo isto / Odit et  
amat / Gústalle os gatos / A ciencia ficción / PJ Harvey, Debussy, a Callas /  
Gustaríalle ter coñecido a Sei Shonagon / Devece polo polbo. Á feira / ~~Polo de~~  
~~agora~~ non matou a ninguén / Extasíalle o baleiro do cosmos... / ...e a suspensión  
da neve / Non lle satisfai cumprir normas idiotas... / ...como durmir só 8 horas  
e traballar máis de 6 / Lembra un soño que unha vez soñou vostede.

No seu libro *Zoommm: Textos biónicos* (2009), Espinosa recolle poemas que xogan coa idea de que son fabricacións dun eu mecánico externo á escritora. O *Manifesto Cyborg* de Donna Haraway está moi presente na súa autopoética, na que ela mesma se define como unha criatura mecánica, aínda que contrasta co sensorial que poden chegar a ser algunhas das súas composicións e co seu traballo gráfico, que está máis próximo ao lirismo naif do mundo de fantasía das fadas e os elfos que da escuridade, desesperanza e deshumanización do *cyborg* característica de toda a literatura *cyberpunk* dos oitenta e noventa. Orixinalmente foi un libro electrónico de libre descarga, publicado no ano 2007. A día de hoxe é aínda posíbel descargalo de balde en formato pdf dende a páxina d'*A Regueifa Plataforma* <<http://aregueifa.blogspot.com/2007/12/estibaliz-espinosa-zoommm-2007.html>>. Está estruturado en cinco partes cuxa temática difire un pouco, dende as sensacións que produce na autora o seu embarazo até a cibercultura e os videoxogos, pasando pola reflexión sobre o uso do *chat* e a comunicación en internet e a esencia da existencia do ser –ben sexa real, ficticio, pasado ou virtual.

Tomo unha cita do libro –a propia autora aprema os cazadores de citas– que me parece moi interesante como resumo do que a escrita na rede supón e a propia natureza subversiva e novidosa que pode chegar a alcanzar se é que non a alcanzou xa. A cita forma parte da composición que abre o apartado que versa sobre o tema do chat: “Por aquela época, o papel / abandonou o seu rol hexemónico / de canle da comunicación a distancia”.

Penso que resume moi ben parte do que intento analizar neste traballo: o poder que ten internet para a difusión de ideas e textos é tan grande que penso que nin somos conscientes. Por outra banda, cabe destacar que a novidosa disposición gráfica, así como a temática do libro resulta difícil de imaxinar saída doutra parte diferente á rede. A presenza de elementos hipertextuais e relacionados coa cibercultura é tan grande que sorprenden nun libro en formato papel.

## **A morte do blog. O auxe das redes sociais e a súa relevancia**

Hai moitos autores, como Xabier Cid, que insinúan a morte do blogomillo, do movemento blog. A realidade é que máis que unha morte, o que existe é unha mudanza de hábitos. O impacto das chamadas redes sociais, en especial Facebook e a rede de *microblogging* Twitter, implicaron unha fonda

transformación nas relacións entre usuarios da rede, neste caso concreto, dos creadores, críticos, editores e demais axentes culturais do país. Estas ferramentas fornecen un xeito máis hábil de interconexión e abren novas portas de diálogo entre todas as partes implicadas na creación e difusión literaria.

Os blogs precisaban dunha rede máis dificultosa para interrelacionarse, posto que non existía unha rede concreta que abranguese a totalidade da creación, precisábanse buscas externas e moito traballo de pesquisa pola amplitude da rede, vasta e difusa. Aínda que estas ferramentas non son a panacea e provocan novos conflitos como o de propiedade das publicacións –Facebook, por exemplo, resérvase os dereitos sobre todos os contidos publicados na súa rede–, si que axilizan as buscas e as relacións directas entre axentes. Estas relacións son moito máis estreitas, tendo acceso directo ás publicacións, anotacións, comentarios e actividades dos usuarios que se achán conectados á mesma. Permiten unha actividade diferente, en tempo real, e unha interactividade entre usuarios na que o sistema blog ficaba algo coxo.

Moitos escritores e blogueiros pasaron a empregar estas redes sociais como complemento da súa actividade na rede. Nalgúns casos, o uso destas novas aplicacións levou consigo o abandono das actividades anteriores. A día de hoxe, moitos blogs non son actualizados ou, polo menos, non coa mesma frecuencia que o facían antes.

Na miña opinión, falar da morte do blog é unha afirmación un tanto prematura, porque segue a haber actividade aínda que si que se pode matizar un pouco se afondamos nos contidos. É certo que non hai tantos blogs de creación como no seu momento de efervescencia, pero segue habendo unha actividade moi forte pero con características diferentes. O formato blog mudou a unha sorte de xornalismo afeccionado ou como mero instrumento de promoción nalgúns casos, pero a creación literaria en rede segue afincada neles, posto que non existe ningún intento salientábel de creación literaria nas redes sociais. Sería unha boa nova que se levasen á práctica iniciativas que podemos atopar noutros países de creación de microrrelatos vía Twitter –que permite publicación limitada a 140 caracteres por entrada– ou creación colectiva por entradas por medio de Facebook. Estas aplicacións permitirían unha creación xeral que é parte importante dos novos modelos de creación dixital.

Os blogs seguen a formar parte da vida literaria, e todos os axentes son conscientes desa realidade. Autores, editores e críticos fan uso deste sistema

de publicación constantemente, compaxinándoo coa súa presenza noutras redes. Formulan así unha forma máis directa de relación co receptor das obras. Hai casos paradigmáticos como podería ser, por poñer un exemplo do que máis actividade recolle, o de Edicións Xerais. Ademais da pertinente web corporativa da editora <<http://www.xerais.es>>, manteñen un blog, unha páxina en Facebook e un Twitter onde seguir a actividade de publicacións, actividades, relación cos autores... No caso de Xerais, e tamén a maioría das editoras galegas que apostan fortemente pola presenza na rede, existe outro modelo de relación co consumidor de cultura galega. Neste caso concreto, por medio do seu editor xeral, Manuel Bragado, que ten unha intensa actividade na rede en todos os seus ámbitos. Formúlase así unha relación persoal entre produtor e consumidor. Bragado xa era anteriormente coñecido na rede polo seu blog Brétemas <<http://bretemas.blogaliza.org>>, un dos máis visitados. Posteriormente ampliou o seu rango de actividade ás redes sociais, onde fai labor de difusión e promoción dos produtos e creadores vencellados á editora e tamén de novas relacionadas coa literatura e edición galegas en xeral.

242

Estamos ante unha nova forma de relación entre creadores e lectores, xa que a capacidade da rede para chegar á xente fai que a presencialidade non sexa requirimento indispensábel para achegarse ás novidades do panorama literario. Existe pois, unha mudanza no paradigma empresarial así como acontece no da creación. A rede chega a todos os niveis da produción cultural.

Un sistema especialmente áxil á hora de crear vínculos na rede é por medio dos temas ou *hashtags* de Twitter, marcados mediante a fórmula #tema, que artellan redes de difusión, debate e espallamento de novas, ideas, creacións, actividades... Esta rede permite así mesmo que os usuarios vaian interrelacionándose con novos usuarios por afinidade de intereses, creando unha arañeira máis complexa e completa que a que ofrecía o *blogroll* ou a sindicación mediante *rss*, agora semella que a rede, sempre difusa e por veces caótica, atopou métodos para unha organización máis ou menos xerárquica.

As evolucións da rede serán as que modifiquen as dinámicas da industria literaria, pero o camiño está iniciado. O que comezou sendo unha rede de autorías diversas e individuais, acolleu as iniciativas privadas e institucionais e os blogueiros xa poden clasificarse en grupos diversos e con intereses moi ben delimitados.

Mención á parte merecería o chamado “futuro do libro” coa irrupción do *ebook* e as novas fórmulas de creación e lectura. Os dispositivos móbiles e o



libro electrónico son maneiras diferentes de entender a lectura mal chamada tradicional, posto que polo de agora non se aproveitan todas as posibilidades dos mecanismos tecnolóxicos para a creación de novas narrativas, de novas formas de entender a poesía ou o teatro. Existe un transvasamento do analóxico ao dixital no que o único que muda é o soporte, non se fixeron achegas importantes aos novos modelos de lectura formulados na chamada literatura 2.0, non están sendo aproveitadas as ferramentas multimedia nin a hipertextualidade que son elementos básicos da funcionalidade dixital. O *ebook* está nacente, si, pero a súa incidencia será escasa se non son aproveitadas esas características do modelo hipertextual que tan necesarias se antollan para un desenvolvemento absoluto da literatura dixital.

### **Novas formas de consumo. A literatura sae dos libros e instálase na cidade**

Un concepto moi interesante que quero tratar é o de *transmedialidade*, que implica unha multiplicidade de posibilidades dos medios empregados, non un simple transvasamento. Voltamos novamente ao tema do aproveitamento dos recursos ofrecidos polas novas tecnoloxías. O desaproveitamento xa mencionado pode ser froito do descoñecemento das capacidades reais dos novos medios ou falta de formación nese eido dos creadores. É posíbel que unha nova xeración, os nativos dixitais, sexan máis conscientes desas posibilidades e asistamos a un florecemento da creación multimedial ao máximo nivel.

A pesar de que non hai moita cantidade, ben é certo que existen iniciativas que intentan aproveitar as posibilidades das novas tecnoloxías para a creación literaria. Un exemplo desta práctica puidera ser o festival *Translittera*, que no ano 2005 levou un espectáculo de videopoesía e música por diferentes localidades galegas entre os meses de novembro e decembro. Este acto foi coordinado por Rafa Xaneiro e contou coa presenza de varios creadores como María Lado, Antón Lopo, Iván Prado, Pepe Sendón, Yolanda Castaño, Estevo Creus, Lucía Aldao, Lomarti, Ana Cibeira, Roi Fernández e Ig. Trátase de poetas, ilustradores, videoartistas, *performers*, músicos, artistas plásticos..., moitos deles vinculados ao colectivo artístico *Alg-a* <[www.alg-a.org](http://www.alg-a.org)>. Durante a actuación, o público comía e bebía e interactuaba cos creadores. O evento tamén contaba coa presenza dun *Dj* que picaba poemas deconstruíndoos mediante as técnicas propias da manipulación de soportes de audio.

O colectivo *Alg-a* é un dos mellores expoñentes das prácticas transmediais, tentando levar a creación á vangarda tecnolóxica, cara á súa dixitalización. Dentro deste colectivo poderíamos destacar iniciativas como *A hostia en verso* (setembro de 2010), que consistiu nun “combate lírico” no que poetas novos como Leticia Costas, Daniel Landesa, Laura Sáez, David Rodríguez, Lara do Are e Miguel Valverde tiñan que gañar o favor do público. Tratábase dunha sorte de concurso poético presentado por María Lado e Lucía Aldao. A representación tivo lugar nun café de Vigo e contaba tamén coa participación musical do *Leo i Arremecághona* e as obras plásticas, realizadas en directo, de Antía Sánchez e María Longa. Todo isto estaba rodeado do ambiente propio dunha cafetaría ou bar: bebidas e petiscos.

Trátase de sacar a literatura, a música e a arte dos centros convencionais e achegalas ao público que ten unha interacción importante, xa que participa do espectáculo ao ter que decidir os gañadores e intervir en diversos momentos da representación. Como vemos, trátase dun evento moi performativo e dun intento de achegar a poesía ao público de a pé, xa que aínda hoxe continúa a ser un xénero demasiado relegado a entusiastas lectores altamente especializados. A poesía precisa un pulo, e como xa fixera coa súa irrupción na rede, neste caso salta á rúa. A cidade é tamén outra rede na que espallar novos xeitos de entender a creación.

Algunhas das persoas deste colectivo, como María Lado e Lucía Aldao, continúan con actividades similares nas que mesturan recitais de poesía con música en directo e videoarte. Tenden a ser actividades moi lúdicas nas que se busca a complicidade do público. Mención á parte merece María Lado quen xa fora no seu tempo blogueira <<http://casatlantica.blogaliza.org>>. O seu blog foi un dos máis visitados no seu tempo, cando aínda estaba aloxado en *Blogspot*, a plataforma de *blogging* de Google. Actualmente, como sucede con moitos blogs, a súa actividade está algo parada, pero ao longo dos anos nos que tivo actividade, deixou experiencias moi innovadoras como, por exemplo, *podcasts* poéticos, videocreacións e incluso o poemario *Berlín* (2007) en forma de *audio-book*, é dicir, edición dixital en pdf acompañada dun mp3 dela mesma recitando os poemas coa banda sonora do grupo *Fanny+Alexander* <<http://aregueifa.blogspot.com/2007/06/maria-lado-con-fannyalexander-berlin.html>>.

Saúl Rivas González

Universidade de Santiago de Compostela

## Bibliografía

- Cid, Xavier. 2007. “El blogomillo: La lengua como factor de cohesión en la comunidad de blogs”, en *Blogs y periodismo en la red*. Madrid: Fragua.
- Espinosa, Estíbaliz. 2009. *Zoommm: Textos biónicos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Estévez, Eduardo. 2008. *Construcións*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Fernández Campos, Leonardo. 2007. *bai cu: pintadas no báter*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- González, Helena. 2008. *Simulaciones del yo. Autobiografías y blogs en las escritoras gallegas*, en *Actas IX Jornadas Nacionales de Historia de las Mujeres y IV Congreso Iberoamericano de Estudios de Género* (ed. María Antonia Carbonero Garamundi) <[http://www.ub.edu/cdona/Publicacions/helena\\_gonzalez\\_simulaciones%20de%20yo.pdf](http://www.ub.edu/cdona/Publicacions/helena_gonzalez_simulaciones%20de%20yo.pdf)>
- Landow, George P. 1995. *Hipertexto*. Barcelona: Paidós.
- (ed.). 1997. *Teoría del Hipertexto*. Barcelona: Paidós.
- Martínez, Iago. 2006a. “A ler a outra parte: blogs e literatura”, en *Tempos Novos*, nº 113, pp. 54-57.
- 2006b. “Xabier Cid: o blogomillo desapareceu”, en *Tempos Novos*, nº 113, pp. 58-60.
- 2007. “Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai, dúas narradoras no albo”, en *Protexa*, nº 5, pp. 2-5.
- Navaza, Gonzalo. 2001a. “Novas tecnoloxías e literatura”, en *A Cultura no Século XXI: actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela, dos días 2 ó 5 de maio de 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- 2001b. “Literatura e internet”, en *Tempos Novos*, nº 55, pp. 66-68.
- Neira Pereira, Henrique. 2006. “A Biblioteca virtual da Real Academia Galega”, en *Casa da Gramática*, nº 27, pp 75-96.
- Pajares Tosca, Susana. 1997. “Las posibilidades de la narrativa hipertextual”, en *Espéculo*, nº 6 <[http://www.ucm.es/info/especulo/numero6/s\\_pajare.htm](http://www.ucm.es/info/especulo/numero6/s_pajare.htm)>
- 2005. “Construtores de labirintos: Autores e lectores da era dixital”, en *Grial*, nº 165, pp. 32-37.

- Ryan, Marie-Laure. 2004. "El ciberespacio, la virtualidad y el texto", en *Literatura y cibercultura* (ed. Espen Aarseth). Madrid: Arco Libros.
- Sumai, Anxos. 2003. *Anxos de garda*. Vigo: Central Literaria A Nosa Terra.
- e Camilo Franco. 2007. "Literatura e internet: as palabras na rede", en *Diálogos na Casa de Rosalía II: Fundación Rosalía de Castro, decembro 2005-2006 xuño* (ed. Ana Blanco). Padrón: Patronato Rosalía de Castro.
- Vega, María José (ed.). 2003. *Literatura hipertextual y teoría literaria*. Madrid: Mare Nostrum.
- Vilariño Picos, M<sup>a</sup> Teresa. 2004. *Literatura e novas tecnoloxías*, en *Elementos de crítica literaria* (ed. Arturo Casas Vales). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- e Anxo Abuín González. 2006. "Historias multiformes en el ciberespacio. Literatura e hipertextualidad", en *Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica*. Madrid: Arco Libros.
- 2007. "Espacios esquizofrénicos: Destrucción y creación en el arte contemporáneo", en *Espéculo*, n<sup>o</sup> 36 <<http://www.ucm.es/info/especulo/numero36/esesquiz.html>>